- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

17.34570.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “PROXECTO Nº 4- RESTAURACIÓN SENDA PEONIL BAREDO SEGUNDO TRAMO” INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023 - CONCELLO DE BAIONA. (Expte.2023006387)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 2.32465, do 24/03/2023, concedeuse unha subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 299.846,10 euros ao concello de BAIONA co obxecto do financiamento do investimento “Proxecto nº 4- restauración senda peonil Baredo segundo tramo” (Expte.2023006387), en base a un orzamento que ascendía a 299.846,10 euros, correspondendo 280.958,15€ á execución de obra e 18.887,95 euros aos honorarios técnicos.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

- A obra “*Proxecto nº 4- restauración senda peonil Baredo segundo tramo*” (Expte.2023006387) foi adxudicada no prezo (IVE Engadido) de 233.195,27 euros, o que supón unha baixa na adxudicación de 47.762,88 euros.
- En data 29/11/2024, mediante rexistro WEB2024074808, ten entrada na sede electrónica da Deputación, unha solicitude do Concello de BAIONA na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente dada a necesidade de facer fronte a diversas circunstancias que non se contemplaron no proxecto orixinal, sendo preciso introducir unidades de obra non comprendidas no proxecto inicial.
- En data 29/11/2024, a entidade municipal aporta o proxecto modificado da obra “*Proxecto nº 4- restauración senda peonil baredo segundo tramo*” (Expte. 2023006387). O Concello posteriormente tamén achega as autorizacións sectoriais precisas para a execución da actuación así como a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.
- Revisado o proxecto modificado do investimento “*Proxecto nº 4- restauración senda peonil Baredo segundo tramo*” (Expte. 2023006387), compróbase que este non altera a finalidade da subvención, non afecta a calidade do proxectado pero supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto orixinal de 57.520,18 euros (20,47%), pasando a execución de obra de 280.958,15 euros a 338.478,33 euros.
- O prezo de adxudicación da obra incrementa en 47.741,74 euros (dado que este pasa a importar 280.937,01 euros no lugar de 233.195,27 euros) o que supón unha variación porcentual do 20,47 %.
- O importe dos honorarios técnicos se manteñen invariables en 18.887,95 euros (9.443,98 euros de honorarios de redacción de proxecto e 7.082,98 euros de honorarios de dirección de obra e 2.360,99 euros de coordinación de seguridade e saúde).
- O Concello solicita a conformidade da Deputación a esta modificación, así como a aplicación da baixa acadada na adxudicación do contrato, no financiamento do incremento de custe do modificado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01

Consideracións Xurídicas**Instrución do expediente:**

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Base 20ª das Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que establece que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado, admitindo que as modificacións se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, que prevé que se poidan modificar os contratos cando se de algún dos tres supostos a), b) ou c) do seu parágrafo segundo e se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/12/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 14/01/2025, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 20/01/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado da obra “*Proxecto nº 4- restauración senda peonil Baredo segundo tramo*” (Expte.2023006387), aos efectos de que o investimento incluído no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello de Baiona. O proxecto modificado non altera a finalidade da subvención nin afecta a calidade do proxectado, pero supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto orixinal do 20,47%, pasando a ser o orzamento de execución de obra a 338.478,33 €. O orzamento total ascendería a 357.366,28 € (338.478,33 € de execución de obra e 18.887,95€ de honorarios técnicos).



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

- Autorizar que a baixa de adxudicación se aplique ó financiamento do incremento do prezo que supón o devandito proxecto modificado.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.34571.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE POIO RELATIVO AO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN RAMAL DEREITO DA RÚA SARTAL, RAMAL ESQUERDO DA RÚA SARTAL”, INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2024. (Expte. 2024020899)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.33883, do 07 de xuño de 2024, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan + Provincia 2024, por importe de 280.232,67 euros ao concello de POIO co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN RAMAL DEREITO DA RUA SARTAL, RAMAL ESQUERDO DA RUA SARTAL” (exp.: 2024020899), cun orzamento que ascende a 280.232,67 euros.
- En data 12/12/2024 con rexistro WEB2024077741, ten entrada no rexistro da Deputación, instancia do Concello de POIO na que manifesta que a adxudicación da obra realizouse en cinco lotes diferenciados e que se ven na necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente unicamente no que se refire ao LOTE 5 (Camiño Costa de Arriba), debido a circunstancias que non estaban previstas no proxecto inicial e que son necesarias para dotar do servizo básico de abastecemento e pluviais así como da substitución do colector de saneamento e da mellora e rehabilitación do pavimento no tramo obxecto da actuación Camiño Costa de Arriba.
- Esta circunstancia implica un incremento do orzamento total en 14.105,70 euros. O orzamento total pasa de 280.232,67 euros a 294.338,37 euros (14,93 %) e mantense invariable a subvención concedida de 280.232,67 euros.
- Polo que respecta ao Lote 5 o orzamento do proxecto modificado ascende a 108.587,58 € o que supón un incremento de 14.105,70 € (14,93 %) respecto ao seu orzamento inicial de 94.481,88 €.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

- O Lote 5 foi adxudicado por importe de 100.867,00 euros respecto a adxudicación inicial de 87.764,20 euros (incremento de 13.102,78 euros)
- Da documentación aportada se infire que a parte da obra correspondente aos Lotes 1, 2, 3, 4 non se ven afectados polo modificado a tramitar, sendo as baixas de adxudicación dos diferentes lotes as detalladas no seguinte cadro:

	Orzamento inicial	Adxudicación	Baixa adxudicación
LOTE 1	62.121,69	58.338,48	3.783,21
LOTE 2	44693,81	41.654,63	3.039,18
LOTE 3	47.155,60	44.745,96	2.409,64
LOTE 4	31.779,70	30.120,81	1.658,89
LOTE 5	94.481,88	87.764,20	6.717,68
TOTAL	280.232,67		17.608,60

- A baixa de adxudicación total da obra dos diferentes lotes 1, 2, 3, 4 e 5 ascende a 17.608,60 euros. O Concello solicita expresamente que o incremento do prezo de adxudicación do Lote 5 de 13.102,78 euros se financie na súa totalidade coa baixa de adxudicación.
- Revisado o novo proxecto modificado, aprobado polo órgano competente do concello, este non altera a finalidade nin o obxecto da subvención pero implica un incremento no importe do seu orzamento (no Lote 5 concretamente).
- O concello solicita que este modificado sexa autorizado por este organismo e poder o concello executar a obra e tramitar a posterior xustificación nos termos previstos.
- A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01



Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Base 32ª do Plan + Provincia 2024 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e autorizado pola Deputación.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE EXCLUIDO.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 17/01/2025 e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 17/01/2025, que conclúen favorablemente a aprobación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 20/01/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado aportado en data 12/12/2024 con rexistro WEB2024077741 do investimento denominado “*Mellora de camiños municipais en ramal dereito da Rúa Sartal, ramal esquerdo da Rúa Sartal*” (Expte.2024020899), do *Concello de Poio* con incremento do seu orzamento total, pasando de 280.232,67 € a ser 294.338,37 €, e manténdose invariable o importe da subvención inicialmente concedida de 280.232,67 €.
- Autorizar que a baixa de adxudicación se aplique no financiamento do incremento do prezo que supón o devandito proxecto modificado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01

19.34572.-

ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO PR-D5000-2021-001599 “INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE CATOIRA E AS NEVES” E A ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE XERACIÓN TÉRMICA RENOVABLE E REDES DE CALOR E /OU FRÍO NA CASA CONSISTORIAL E CENTRO CULTURAL DO CONCELLO DE AS NEVES” DENTRO DO PROXECTO PR-D5000-2021-001599. (Expte. 2021052872)

No expediente consta o informe da Xefatura do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución favorable da solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”, e da solicitude de modificación do proxecto “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e /ou frío na casa consistorial e centro cultural do Concello de As Neves” dentro do PROXECTO PR-D5000-2021-001599 e co obxecto de aceptar a resolución favorable do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDAE) con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025000639 e data 16/01/2025, a Xefa de Servizo de Cooperación, emite o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou o día 4/08/2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.

En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves, asignándosele o rexistro núm. 202100011104.

Tras a súa avaliación, en data 11/10/2022 (rexistro de entrada número 2022023661), recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 102.821,19 euros, asignándosele o número de proxecto PR-D5000-2021-001599.

Na devandita resolución recóllense os datos económicos e axuda do expediente por municipio:

Municipio	Inversión total admitida (€)	Custo elixible admitido (€)	*Custo subvencionable (€)	Axuda proposta (€)
Neves, As	65.625,56	65.625,56	65.625,56	55.781,72
Catoira	55.340,56	55.340,56	55.340,56	47.039,47
Total proxecto	120.966,12	120.966,12	120.966,12	102.821,19



A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28/10/2022, adoptou, entre outros, o acordo número 4.32216 de aceptación da axuda concedida polo IDAE ao proxecto PR-D500-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves” e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios. (Expediente 2021052872).

Con data 28/08/2024, ao amparo do artigo 17 do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, a Deputación de Pontevedra, solicita ante o IDAE a ampliación do prazo de execución dos traballos necesarios para a execución das actuacións correspondentes ao proxecto PR-D500-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves” e a autorización da modificación do proxecto “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na casa consistorial e centro cultural do Concello das Neves”, dentro do proxecto IDAE PR-D5000-2021-001599, debido a que as actuacións destinadas ao municipio das Neves foron licitadas dúas veces, quedando en ambas desertas por ser un orzamento moi inferior ao necesario. De igual forma a potencia da bomba que se indicou na memoria xustificativa enviada a IDAE é inferior en potencia necesaria, xa que unha vez que se introduciron en cálculos exhaustivos durante a redacción do proxecto demostrouse a necesidade de incrementar a potencia da bomba de calor. Ante a demora acumulada debido a esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros solicitouse a ampliación do prazo en 11 meses e 19 días, regulado no Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, sendo deste xeito o 30/09/2025 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto PR-D500-2021-001599.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 16/01/2025 e con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025000639, recíbese resolución do Director do IDAE na que acepta:

- A modificación do proxecto “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e /ou frío na casa consistorial e centro cultural do Concello de As Neves”, coas solucións técnicas plantexadas: substitución da bomba de calor de aeroterminia de 63 kw de potencia térmica por unha bomba de calor de aeroterminia de 81,5 kw de potencia térmica. Mantendo como potencia elixible do proxecto seleccionado 63 kW, sendo o resto de potencia da instalación ($81,5-63=18,5$ kW) non elixibles para os efectos de cálculo de axuda (dado que o custo elixible máximo e en consecuencia a axuda para outorgar é proporcional á potencia instalada, o recoñecemento do incremento de potencia instalada como elixible produciría un recoñecemento de axuda proporcional, o que non resulta conforme co artigo 17.1 do Real Decreto 692/2021 do 3 de agosto, que establece: “(...) En ningún caso, a modificación da resolución poderá modificar o importe de axuda concedida superando o importe da subvención orixinal correspondente ao proxecto inicialmente seleccionado”).*
- A ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”, e por tanto modifica a resolución de data 11/10/2022, pola que se concedeu a subvención con cargo ao programa DUS 5000.
Quedando establecido o prazo máximo de execución ao 30/09/2025 e consecuentemente a xustificación da realización das actuacións que conforman o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo do 30/11/2025.*



Mantense o importe de axuda máxima concedido na Resolución de data 11/10/2022 (102.821,19 €), dado que, de conformidade co establecido no artigo 17.1 do Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto: En ningún caso, a modificación da resolución poderá modificar o importe de axuda concedida superando o importe da subvención orixinal correspondente ao proxecto inicialmente seleccionado. O resumo dos datos económicos e axuda do expediente por municipio reflexase na seguinte táboa:

Municipio	Inversión total admitida (€)	Custo elixible admitido (€)	*Custo subvencionable (€)	Axuda proposta (€)
Neves, As	132.634,73	102.527,46	98.717,85	55.781,72
Catoira	55.340,56	55.340,56	55.340,56	47.039,47
Total proxecto	187.975,29	157.868,02	154.058,41	102.821,19

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Base 47ª e 48ª de execución do Presuposto provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.

Resolución do expediente

- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- De conformidade co artigo 24.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a proposta de resolución definitiva, cando resulte procedente de acordo con as bases reguladoras, notificarase aos interesados que fosen propostos como beneficiarios na fase de instrución, para que no prazo previsto en dita normativa comuniquen a súa aceptación.
- Artigo 16.4 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra que establece que o acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concede, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instrutor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.

III.- CONCLUSIONES:

En data 28/08/2024 solicítase ante o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en diante IDAE) a modificación do prazo de execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”, e a modificación do proxecto “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e /ou frío na casa consistorial e centro cultural do Concello de As Neves” dentro do PROXECTO PR-D5000-2021-001599.

En data 16/01/2025 (rexistro de entrada número 2025000639) recíbese a resolución do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), na que acepta:

Primeiro_ A modificación do proxecto “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e /ou frío na casa consistorial e centro cultural do Concello de As Neves”, coas solucións técnicas plantexadas: substitución da bomba de calor de aerotermia de 63 kw de potencia térmica por unha bomba de calor de aerotermia de 81,5 kw de potencia térmica. Mantendo como potencia elixible do proxecto seleccionado 63 kW, sendo o resto de potencia da instalación (81,5-63= 18,5 kW) non elixibles para os efectos de cálculo de axuda (dado que o custo elixible máximo e en consecuencia a axuda para outorgar é proporcional á potencia instalada, o recoñecemento do incremento de potencia instalada como elixible produciría un recoñecemento de axuda proporcional, o que non resulta conforme co artigo 17.1 do Real Decreto 692/2021 do 3 de agosto, que establece: “(...) En ningún caso, a modificación da resolución poderá modificar o importe de axuda concedida superando o importe da subvención orixinal correspondente ao proxecto inicialmente seleccionado”).



Segundo_ A ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibiles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”, e por tanto modifica a resolución de data 11/10/2022, pola que se concedeu a subvención con cargo ao programa DUS 5000. Quedando establecido o prazo máximo de execución ao 30/09/2025 e consecuentemente a xustificación da realización das actuacións que conforman o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo do 30/11/2025.

Visto que por parte do órgano competente da Deputación é necesario realizar a aceptación expresa da resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025000639 de data 16/01/2025, procede, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables :

- *Aceptar a ampliación do prazo de execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-001599 solicitada para a execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto PR-D500-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibiles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”, quedando fixado definitivamente, o prazo de execución ata o 30/09/2025 e o prazo de xustificación ata o 30/11/2025.*
- *Aceptar a modificación do proxecto “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na casa consistorial e centro cultural do Concello de As Neves” dentro do proxecto IDAE PR- D5000-2021-001599.*

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefatura do servizo de Cooperación”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación de data 17/01/2025, e da Intervención provincial de data 20/ 01/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- *Aceptar a ampliación do prazo de execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-001599 solicitada para a execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto PR-D500-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibiles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”, quedando fixado definitivamente, o prazo de execución ata o 30/09/2025 e o prazo de xustificación ata o 30/11/2025.*



- Aceptar a modificación do proxecto “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na casa consistorial e centro cultural do Concello de As Neves” dentro do proxecto IDAE PR- D5000-2021-001599.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

20.34573.- CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE SOBRE A PARCELA E-04 DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO, A FAVOR DA EMPRESA BESPI INVERSIONES S.L. (Expte.2024083083)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme da Secretaría Xeral, de data 8 de xaneiro de 2025 (CSV):HY83049JNJD22FZC, que textualmente di:

“...O Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 26 de abril de 2024, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no concello de Barro.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, o Pleno Provincial, na sesión do 28 de xuño de 2024, declarou deserto o citado concurso e acordou a posibilidade de efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das devanditas 14 parcelas durante o prazo dun ano e en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência.

O 18 de decembro de 2024 e o 3 de xaneiro de 2025 teñen entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (n^{os} de rexistro web 2024079011 e 20250000391), escritos da empresa BESPI INVERSIONES, S.L., con CIF B-36548709, a través dos cales solicita a constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre a parcela E-04, de 6.825,14 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 675.688,86 €. O prezo total, IVE incluído, é de 817.583,22 € (675.688,86 € + 141.894,66 € de IVE).

Así mesmo, aporta a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería Provincial a garantía esixida na cláusula 18^a do PCAP, equivalente ao 100% do canon anual (6% do prezo de adxudicación, IVE excluído), segundo o seguinte detalle:

- Parcela E-04, CORENTA MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (40.541,33 €), operación OCVD-CVD, co número 202500002913.



CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, cumpríndose todos os trámites requiridos nos PCAP, infórmase favorablemente a solicitude da empresa BESPI INVERSIONES, S.L., con CIF B-36548709, e propónse a constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre a parcela E-04 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), nos termos expostos ”.

Visto o informe favorable á tramitación do expediente emitido pola Intervención Provincial, de data 13 de xaneiro de 2025, que inclúe o seguinte cadro de financiación:

“...

BESPI INVERSIONES S.L. (B36548709)

Rúa Campos, nº 11. 36162 Pontevedra

PARCELA: E-04 6.825,14 metros

Parcela E-04 [6.825,14 m² * 99,00 €/m² (sen IVE)] DEREITO DE SUPERFICIE, INICIO: 01/02/2025

ANO 6 = ANO 5 + 2 PUNTOS

Drto. SUPERFICIE ANUAL 6% + sen IPAVP: 40.541,33 €

2025 A 2029

Drto. SUPERFICIE ANUAL 8% + sen IPAVP: 54.055,11 €

2030 A 2049

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENTO CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓNS
1	2025	37.162,89 €	2,20%	0,00	37.162,89 €	7.804,21 €	44.967,10 €	PERIODO: (11 MESES)
2	2026	40.541,33 €	2,20%	891,91	41.433,24 €	8.700,98 €	50.134,22 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
3	2027	41.433,24 €	2,20%	911,53	42.344,77 €	8.892,40 €	51.237,17 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
4	2028	42.344,77 €	2,20%	931,58	43.276,35 €	9.088,03 €	52.364,38 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
5	2029	43.276,35 €	2,20%	952,08	44.228,43 €	9.287,97 €	53.516,40 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
6	2030	54.055,11 €	2,20%	6.213,51	60.268,62 €	12.656,41 €	72.925,03 €	SI NON EXERCE OPCIÓN DE COMPRA, INCREMENTO DO CANON EN 2 PUNTOS + IPAVP ANTERIORES
7	2031	60.268,62 €	2,20%	1.325,91	61.594,53 €	12.934,85 €	74.529,38 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
8	2032	61.594,53 €	2,20%	1.355,08	62.949,61 €	13.219,42 €	76.169,03 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
9	2033	62.949,61 €	2,20%	1.384,89	64.334,50 €	13.510,25 €	77.844,75 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
10	2034	64.334,50 €	2,20%	1.415,36	65.749,86 €	13.807,47 €	79.557,33 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
11	2035	65.749,86 €	2,20%	1.446,50	67.196,36 €	14.111,24 €	81.307,60 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
12	2036	67.196,36 €	2,20%	1.478,32	68.674,68 €	14.421,68 €	83.096,36 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENTO CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓN
13	2037	68.674,68 €	2,20%	1.510,84	70.185,52 €	14.738,96 €	84.924,48 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
14	2038	70.185,52 €	2,20%	1.544,08	71.729,60 €	15.063,22 €	86.792,82 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
15	2039	71.729,60 €	2,20%	1.578,05	73.307,65 €	15.394,61 €	88.702,26 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
16	2040	73.307,65 €	2,20%	1.612,77	74.920,42 €	15.733,29 €	90.653,71 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
17	2041	74.920,42 €	2,20%	1.648,25	76.568,67 €	16.079,42 €	92.648,09 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
18	2042	76.568,67 €	2,20%	1.684,51	78.253,18 €	16.433,17 €	94.686,35 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
19	2043	78.253,18 €	2,20%	1.721,57	79.974,75 €	16.794,70 €	96.769,45 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
20	2044	79.974,75 €	2,20%	1.759,44	81.734,19 €	17.164,18 €	98.898,37 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
21	2045	81.734,19 €	2,20%	1.798,15	83.532,34 €	17.541,79 €	101.074,13 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
22	2046	83.532,34 €	2,20%	1.837,71	85.370,05 €	17.927,71 €	103.297,76 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
23	2047	85.370,05 €	2,20%	1.878,14	87.248,19 €	18.322,12 €	105.570,31 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
24	2048	87.248,19 €	2,20%	1.919,46	89.167,65 €	18.725,21 €	107.892,86 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
25	2049	89.167,65 €		1.961,69	91.129,34 €	19.137,16 €	110.266,50 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR

(1) Cálculos realizados con un hipotético "índice de prezos aluguer de vivendas provinciais" (IPAVP) anual do 2,2% en 2025, aplicamos o índice IRAV (Índice de referencia arrendamento de vivendas, INE (Novembro 2024: 2,2%))

Aplicase o IRAV ata que o INE publique o "índice de aluguer de oficinas autonómico", en aplicación da disposición transitoria da lei 2/2015, do 30 marzo, de desindexación da economía española

CLAUSULA 9ª: a primeira revisión para que coincida co ano natural, practicarase unha vez pasado a parte do ano en que se adxudica e todo ano posterior, tomándose en consideración a variación do citado índice durante todo o período"

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01



Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. A constitución dun dereito de superficie, con opción de compra, sobre a parcela E-04 do Polígono Industrial Outeda-Curro a favor da empresa BESPI INVERSIONES S.L (CIF B-36548709), conforme ao cadro de financiación reflectido no informe da Intervención Provincial, de data 13 de xaneiro de 2025, e cun prazo de vixencia de 25 anos.

Segundo. De acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares, o superficiario procederá ao ingreso da parte proporcional do canon anual ofertado calculado desde o momento da notificación da adxudicación ata a finalización do ano natural en curso (31 de decembro), máis o IVE correspondente, dentro dos trinta días seguintes á notificación da adxudicación do dereito de superficie sobre a citada parcela; o ingreso realizarase mediante transferencia bancaria á conta corrente e no prazo que se indique ao efecto na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra (achegarse factura), e contabilizarase con cargo ao concepto orzamentario “25/456-609.00 venta de parcelas polígono” no primeiro exercicio 2025.

Terceiro. Nas seguintes anualidades o canon anual actualizado (conforme á fórmula de revisión prevista na cláusula novena), máis o IVE correspondente, ingresarase mediante transferencia bancaria á conta corrente que se indique ao efecto, dentro do primeiro trimestre natural de cada ano, no prazo que se sinala na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra.

21.34574.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2025002123 e 2025002124)

A) Vista a relación de facturas con número 2025002123, que contén 40 facturas e por un importe de 31.346,11 €, e con CSV: OVYQXPDZAJ7RHSX6, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 15/01/2025, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	31.346,11 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	31.346,11 €



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

B) Vista a relación de facturas con número 2025002124, que contén 13 facturas e por un importe de 33.725,48€ e con CSV: I4BZQQSZQEG1X3F4, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 15/01/2025, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	33.572,47 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	153,01 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	33.725,48 €

22.34575.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO
“SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA
SMARTGUIDE PARA AS COMARCAS DO DEZA E TABEIROS TERRA DE
MONTES NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 14 PLAN DE
SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO”. (Expte.2024017997)

Os Plans de Sostenibilidade Turística en Destino son concibidos como proxectos que permiten ás Entidades locais configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sostenibilidade turística, no exercicio das súas competencias a través das actuacións previstas nos catro eixos previstos na Estratexia de Sostenibilidade Turística en Destinos: transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e a competitividade dos destinos.

No marco desta convocatoria extraordinaria a Deputación de Pontevedra presentou o "*Plan de Sostenibilidade Turística en Destino Deza e Tabeirós – Terra de Montes. “Os Camiños por dentro”*" (PSTD Deza e Tabeirós-Terra de Montes, a continuación), mediante concesión directa ratificada polo Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sostenibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No contexto da implementación do PSTD Deza e Tabeirós-Terra de Montes proposto pola Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas e, máis concretamente, no Eixo tres "*Actuacións no ámbito da transición dixital*", definíronse as Actuacións 7: "*Sinalización turística intelixente e smartguide dos recursos vinculados aos Camiños de Santiago.*" e 9: "*Comunicación Dixital Camiño da Geira e dous Arrieros e Miño Ribeiro.*". O diagnóstico participativo realizado durante a elaboración do plan de Sostenibilidade identificou un baixo aproveitamento dos recursos turísticos existentes na comarca do Deza – Tabeirós, e en concreto aos vinculados aos Camiños de Santiago.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

É por esta razón, pola que se fai necesario contar cun servizo especializado para a implantación dunha plataforma turística.

As actividades do servizo de Turismo Rías Baixas baséanse na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. Para ese efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como coas convocatorias e proxectos que se pretenden executar e está xustificado anteriormente.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra formula a implantación dunha plataforma turística para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes para a posta en valor dos principais recursos turísticos, pivotando os mesmos ao redor dos Camiños de Santiago que percorren as comarcas, e permitindo mellorar a interpretación da contorna ao turista e facilitar a súa interpretación a través de métodos dixitais.

Os traballos para realizar obxecto do contrato son necesarios para a consecución dos fitos e obxectivos marcados nas convocatorias e nas memorias dos proxectos presentados e para o seu desenvolvemento e execución require de medios materiais e persoais especializados.

Dadas as características dos traballos para levar a cabo o obxecto do presente contrato, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas informa que non dispón dos medios materiais e humanos, descritos nos pregos, adecuados para a realización das actividades necesarias para o seu cumprimento; ao tratarse de traballos que requiren de persoal especializado e con experiencia na súa realización, o que implica un perfil profesional do que non se dispón suficientemente en estrutura, especialmente cuantitativamente. O beneficio de acudir a unha contratación responde o carácter especializado do obxecto do contrato e atendendo a razóns de eficiencia técnica e organizativa.

En base ao exposto, con data 18/03/2024, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas e a Deputada delegada de Turismo dictaron providencia de inicio para a contratación dun servizo de implantación dunha plataforma turística "Smartguide" para as comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia compoñente 14 Plan de sostenibilidade turística en destino. O contrato proposto ten un prazo de duración de ata un máximo de 3 anos e oito meses, desde a data de formalización do contrato, e un orzamento base de licitación (incluído o IVE) de 304.318,33 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 01/04/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 01/04/2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 9/04/2024 csv MCELC26UEZ70CEHG e informe complementario de data 30/05/2024 co csv AT8XX7KN5M7KXQ8X e as observacións contidas no mesmo.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01

Existe informe complementario do Servizo de Turismo (csv: BJGQS08HRZIP7DM4) en resposta ó recollido no informe xurídico.

Visto que con data 9/04/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 15/01/2025 coas seguintes observacións e recomendacións:

“1.-A adxudicación do contrato queda condicionada á sinatura do convenio colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte, para levar a cabo as actuacións, obxecto do contrato e a súa posterior incorporación ao expediente.

2.- Recóllese no prego, a necesidade de reaxuste das anualidades en función de, cando se produza a formalización do contrato.

3.-() Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obriga referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

4.-Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económicoadministrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento á empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na súa valoración. Neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é tan elevado e que resultan un tanto ambiguos e xerais, facendo difícil a posterior comparación entre as ofertas, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.

5.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/ 55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”

Pola Intervención se informa que na vinculación xurídica da aplicación 25/433.4324.642.00.2024 (290.571,50€) e na aplicación 25/433.4324.227.99 (1.909,28€) do vixente orzamento provincial, existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte ao gasto da anualidade 2025. Respecto das anualidades futuras (2026, 2027 e 2028) o gasto quedará condicionado á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán no seu caso, a 26/433.4324.227.99 (4.582,28 €-soporte e mantemento), a 27/433.4324.227.99 (4.582,27 €-soporte e mantemento) e a 28/433.4324.227.99 (2.673,00 €-soporte e mantemento).



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
 Cargo: Presidente
 Data: 04/02/2025 09:49

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizos, os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de implantación dunha plataforma turística “Smartguide” para as comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia compoñente 14 Plan de sostenibilidade turística en destino”, cun orzamento base de licitación de 304.318,33 euros (21% de IVE engadido), e de acordo co seguinte detalle:

	IMPLANTACIÓN	MANTEMENTO	TOTAL
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN SEN IVE	240.141,74 €	11.361,01 €	251.502,75 €
IVE (21%)	50.429,76 €	2.385,81 €	52.815,58 €
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN IVE ENGADIDO	290.571,50 €	13.746,83 €	304.318,33 €

 Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
 Cargo: Secretario
 Data: 04/02/2025 09:01


O prazo de duración do contrato será de ata un máximo de 3 anos e 8 meses, desde a data de formalización do contrato.

2.- Aprobación dos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: YYWCEJRFJFO9RS4L) e de prescricións técnicas (CSV: X8PEU2VON3FPC7BH) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 304.318,33 euros de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2025 Implantación	25/433.4324.642.00.2024 (PROX. 92210004 DEZA TABELIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	290.571.50 €
2025 Mantemento (5 meses)	25/433.4324.227.99 (PROX. 92210004 DEZA TABELIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	1.909,28 €
2026 Mantemento (12 meses)	26/433.4324.227.99 (PROX. 92210004 DEZA TABELIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	4.582,28 €
2027 Mantemento (12 meses)	27/433.4324.227.99 (PROX. 92210004 DEZA TABELIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	4.582,27 €
2028 mantemento 7 meses	28/433.4324.227.99 (PROX. 92210004 DEZA TABELIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	2.673,00€

Os importes correspondente ás anualidades 2026, 2027 e 2028 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

A distribución por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de sinatura da acta de recepción da plataforma museográfica.

4.- Nomear responsable do contrato a xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais contados desde a data de envío do anuncio de licitación a oficina de publicacións da Unión Europea para a súa publicación no DOUE.



23.34576.-

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE UN CONTRATO ESPECÍFICO DO
“SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN 24/2022 DO SISTEMA ESTATAL
DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA PARA A SUBMINISTRACIÓN DA
AMPLIACIÓN DE NODOS PARA O SISTEMA HIPERCONVERXENTE DE
SERVIDORES (HIPERFLEX) DA DEPUTACIÓN”. (Expte.2024071576)

A Deputación de Pontevedra dispón na actualidade dun sistema hiperconverxente de servidores (Hiperflex) do fabricante Cisco, formado por 7 nodos mediante os que se prestan aos distintos usuarios da Deputación os servizos de Citrix e VDI. Actualmente esta plataforma de equipos atópase sometida a unha carga de traballo elevada na que as capacidades actuais do sistema rozan a saturación dos recursos dispoñibles, motivo polo cal dende o servizo de Novas Tecnoloxías propónse a contratación de 2 (dous) novos nodos, de idénticas capacidades que os actuais, para ser incorporados á infraestrutura actual, e conseguir así escalar as capacidades da solución actual e resolver estes problemas de saturación de recursos (maior capacidade de cómputo, maior almacenamento, maiores gráficas para os nodos Citrix) A subministración requirida deberá contemplar todos os elementos de hardware e software que permitan incorporar á solución actual 2 novos nodos idénticos aos 7 existentes, polo que terán a mesma capacidade e tipo de almacenamento e a mesma capacidade de proceso.

Para a axilidade e demais vantaxes nos procedementos de contratación pública, a Deputación de Pontevedra adheriuse, no seu día, ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda, e na data 19 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adoptou o acordo de solicitar a adhesión ao SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN (SDA 24/2022) “subministro de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento”, resolvendo a DIRECCIÓN GENERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN de xeito positivo a dita solicitude, con data de efectos dende o 6 de setembro de 2024. Polo tanto a presente contratación realizarase por este procedemento, invitándose ás empresas que figuran dentro do lote 2 do citado SDA.

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente esta contratación xa que non conta con persoal especializado nesa materia, ademais de non poder contar ca opción de reparación ou substitución de pezas. En canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico.

24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

As actividades do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra realiza as súas funcións administrativas e técnicas no marco das competencias recollidas no art. 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

En base ao exposto, con data 07/11/2024, dende o servizo de Novas Tecnoloxías emítese Providencia de Inicio na que se propón a contratación, mediante un contrato específico do sda 24/2022 do sistema estatal de contratación centralizada, da subministración da ampliación de nodos para o sistema hiperconverxente de servidores (hiperflex) da Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un prazo máximo de execución de 45 días dende a súa formalización, a partir do cal comezará a contar o prazo máximo de duración dun ano para o soporte e mantemento, sen preverse prórrogas, e un orzamento base de licitación de 122.020,40 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o documento de retención de crédito.

Visto que con data 11/11/2024, Intervención emite documento de retención de crédito número 202400233266 polo importe de 81.483,97 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.626.01 do vixente orzamento provincial, para o hardware; documento de retención de crédito nº 202400233267, polo importe de 36.159,56 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.641.00 do vixente orzamento provincial, para o software; e documento de retención de créditos futuros nº 202400233269, polo importe de 4.376,87 €, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.227.23 do vixente orzamento provincial, para o soporte e mantemento.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador do documento de invitación e, con data 18/11/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 11/12/2024.

Visto que con data 12/12/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 20/01/2025 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato específico nun SDA, e o procedemento a aplicar é o regulado na cláusula 27 do prego administrativo regulador do SDA 24/2022.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 20/01/2025 coas observacións e recomendacións recollidas no mesmo (CSV: D7SM6XFWLA3ZG3E8).

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as contrais de contratación actuarán (...) celebrando sistemas dinámicos de adquisición (..)*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco ou dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizáranse con carácter xeral polo organismo destinatario da prestación*”.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante un contrato específico do SDA 24/2022 do sistema estatal de contratación centralizada, da subministración da ampliación de nodos para o sistema hiperconverxente de servidores (hiperflex) da deputación de Pontevedra.

O contrato proposto ten un prazo máximo de execución de 45 días dende a súa formalización, a partir do cal comezará a contar o prazo máximo de duración dun ano para o soporte e mantemento.

Non se establecen prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 122.020,40€. O valor estimado é de 100.843,31 €.

2.- Aprobar o documento de invitación á licitación (CSV: CQI7NGR7OMHMAVR8), que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 122.020,40 euros, dos cales, a cantidade de 81.483,97 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.626.01.2024 do vixente orzamento provincial, para o hardware; 36.159,56 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.641.00.2024 do vixente orzamento provincial, para o software; e 4.376,87 €, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.227.23 do vixente orzamento provincial, para o soporte e mantemento.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para anualidades futuras quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Damián Rey Rodríguez, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando á presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 2 do SDA 24/2022 (CSV: ICQ4YLRM0OJLBDEY).

O prazo rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

24.34577.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DE “SERVIZOS PUBLICITARIOS CON FARO DE VIGO, S.A.U. PARA A ANUALIDADE 2025”. (Expte.2024070513)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2024, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2025, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económicoadministrativas e de prescricións técnicas, á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815).

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 2 de xaneiro de 2025, á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

A citada empresa presentou oferta con data 16 de xaneiro de 2025 e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815)	233.057,85 €	0,000 puntos

A empresa proposta para a adxudicación figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia e presentou documentación necesaria, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Por Resolución Presidencial nº 2025000264 de data 16/01/2025 requírese á citada empresa para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a garantía definitiva necesaria para a adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 04/02/2025 09:01

A empresa presentou a documentación requirida a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, e figura no expediente, polo tanto, a constitución de garantía definitiva por importe de 11.652,89 € (carta de pago núm. 202500012347 de data 17/01/2025).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2025”, á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815), conforme ás tarifas que figuran na oferta (CSV: ET2M6S44U3Z2IXJM), coincidentes coas tarifas iniciais do anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	282.000,00 €
------------------------	--------------

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerárase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024070513	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

25.34578.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME NA EP-6101 BIDUEIROS-AMEDO, DENDE O P.Q. 2+200 Ó P.Q. 9+388 (CONCELLO DE DOZÓN)". (Expte.2024053820)

Resultando.-Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 6101 BIDUEIROS-AMEDO que percorre o termo municipal de Dozón pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude total de 7.188 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a execución de saneos e o fresado da capa de rodadura en mal estado, posteriormente procederase o recrecido do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, repóñerase a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 04/02/2025 09:49

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por César Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)”, cun orzamento base de licitación de 518.067,42 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: QU9YO1SM5JDGB0ND.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 518.067,42 €, con número de operación 202400189569 con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de outubro de 2024 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)”, redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don César Paredes Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 518.067,42 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: QU9YO1SM5JDGB0ND.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 15/11/2024 acordou aprobar expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)” cun orzamento base de licitación de 518.067,42 € IVE incluído. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de novembro de 2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 12/12/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón).



As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avallaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe de sección de proxectos D. Jaime Ruibal de Sola, con data 16/12/2024, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	3,00	21,00
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
NAROM, S.L.	18,00	2,00	20,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 19/12/2024 en base ó informe do xefe de sección de proxectos do Servizo de Infraestruturas, D. Jaime Ruibal de Sola, de data 16/12/2024, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
 Cargo: Presidente
 Data: 04/02/2025 09:49

Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMIC A	CONTRO L CALIDAD E	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	372.280,68 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	375.491,29 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	370.413,22 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	386.709,50 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	400.196,38 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	393.774,06 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 08/09/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE “B”
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	40,48	10,00	10,00	5,00	65,48
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	38,17	10,00	10,00	5,00	63,17
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	41,82	10,00	10,00	5,00	66,82
HORDESCON, S.L.	30,09	10,00	10,00	5,00	55,09
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,30	10,00	10,00	5,00	45,30

 Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
 Cargo: Secretario
 Data: 04/02/2025 09:51


Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
 Cargo: Presidente
 Data: 04/02/2025 09:49

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación acorda aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)” que quedou da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,00	65,48	90,48
2	FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	18,00	66,82	84,82
3	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	21,00	63,17	84,17
4	NAROM, S.L.	20,00	49,97	69,97
5	HORDESCON, S.L.	14,00	55,09	69,09
6	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	45,30	66,30

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado372.280,68 €
 IVE (21%) 78.178,94 €
 Importe Total..... 450.459,62 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comprobou que a empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U (CIF B94181807) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social , así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

 Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
 Cargo: Secretario
 Data: 04/02/2025 09:01


Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 18.614,03 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 17/01/2025 con número de operación 202500012017.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U, (CIF B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)" por un importe de 450.459,62 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	372.280,68 €
IVE (21%)	78.178,94 €
Importe Total.....	450.459,62 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024053820.

2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.

26.34579.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON LÉREZ EDICIONES, S.L.U. PARA A ANUALIDADE 2025. (Expte. 2024073201)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2024, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L.U. para a anualidade 2025, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Lérez Ediciones, S.L.U. (CIF B36003549).

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 2 de xaneiro de 2025, á empresa Lérez Ediciones, S.L.U. (CIF B36003549), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

A citada empresa presentou oferta con data 13 de xaneiro de 2025 e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:



Criterios de adjudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
Lérez Ediciones, S.L.U. (B36003549)	140.495,87 €	0,000 puntos

A empresa proposta para a adjudicación figura inscrita no Rexistro de Contratistas de Galicia e presentou documentación necesaria a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra Rex_web2025002301 de data 16/01/2025, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.024,79 € (carta de pago núm. 202500011666 de data 17/01/2025).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adjudicar o contrato “Servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L.U. para a anualidade 2025”, á empresa Lérez Ediciones, S.L.U. (B36003549), conforme ás tarifas que figuran na oferta (CSV: 2WFH9G67N2KXJW3M), coincidentes coas tarifas iniciais do anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	170.000,00 €
------------------------	--------------

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adjudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.



As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P36000000H)		Núm. de exp.:	2024073201	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

27.34580.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON RADIO VIGO, S.A.U. PARA A ANUALIDADE 2025. (Expte. 2024072775)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2024, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U. para a anualidade 2025, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económicoadministrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414).

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 2 de xaneiro de 2025, á empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).



A citada empresa presentou oferta con data 13 de xaneiro de 2025 e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:
Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414)	103.305,79 €	0,000 puntos

A empresa proposta para a adxudicación figura inscrita no Rexistro de Contratistas de Galicia e presentou toda a documentación necesaria, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.165,29 € (carta de pago núm. 202500008558 de data 08/01/2025).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U. para a anualidade 2025”, á empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414), conforme ás tarifas que figuran na oferta (CSV: 9JKUQAL48IYACZCD), coincidentes coas tarifas iniciais do anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	125.000,00 €
------------------------	--------------



O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerárase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL.

